

Á vista do escrito da Directora da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, D^a. M^a Isabel Casal Reyes, de 3 de maio de 2012 polo que manifesta a súa disposición a recibir a alumnos/as en prácticas das titulacións impartidas na Facultade de Xeografía e Historia, esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Xeografía e Historia se imparten as titulacións de *Grao en Historia*, *Grao en Historia da Arte* e *Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio*. Nas titulacións de *Grao en Historia* e *Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio* recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de ata 6 créditos ECTS, 150 horas (1 crédito por cada 25 horas). Así mesmo, no plan de estudos do *Grao en Historia da Arte* figura a materia Prácticas Externas de 12 ECTS (300 horas). Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a Biblioteca Universitaria arriba citada está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas en no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas de dous alumnos/as das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia nas instalacións da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago.,
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco ho de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas para Graos en Historia e Xeografía e Ordenación do Territorio e 300 horas para o Grao en Historia da Arte, que establecen os planos de estudio para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como optativos segundo o establezan os planos de estudio.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de Docencia destas titulacións de acordo coa Dirección da Biblioteca Universitaria, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

- Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión de Docencia das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a Biblioteca Universitaria nomeará a un titor desta área que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Biblioteca Universitaria-.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Biblioteca Universitaria emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2012

O REITOR



Juan José Casares Long

SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
SRA. DIRECTORA DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA